



IES ANTÓN FRAGUAS

L e c t u r a s

DEPARTAMENTO

FILOSOFÍA

DEPARTAMENTO	NIVEL	CURSO
--------------	-------	-------

FILOSOFÍA

4º ESO-1º e 2º
BACHARELATO

Todos

Compostela
Curso 2020 - 2021

LECTURAS DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

2º DE BACHARELATO

MOI IMPORTANTE: RECOMÉNDASE QUE AS LECTURAS DAS MATERIAS DE 2º BACHARELATO ESTEAN LIDAS PARA O INICIO DAS CLASES

AS LECTURAS ESTÁN PENDURADAS NA AULA VIRTUAL NO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

Historia de Filosofía

Platón: *A República*. 1º libro. Da páxina 141 ata 191 do libro traducido por Xosé Manuel Blanco ou tamén podes descargalo deste enlace: [PREME AQUÍ](#)

Ética e Filosofía do Dereito

Platón: *Critón*. [PREME AQUÍ](#)

Psicoloxía

Darwin: *Sobre a orixe das especies*. *Introdución*. [PREME AQUÍ](#)

AUDIOLIBRO: podes escoitar a *Introdución en inglés* no seguinte enlace. [PREME AQUÍ](#)

4º DA ESO E 1º DE BACHARELATO (Todas as materias)

Todas as propostas que figuran máis abaixo son recomendables para estes dous niveis e o alumnado decide voluntariamente achegarse a elas, pois entendemos que o hábito de ler non se estimula forzando ou obrigando, senón seducindo e provocando o rebelde cerebro dos adolescentes. Iso si, aqueles que deciden ler algunha obra, e despois de facer unha interpretación ou comentario da lectura (se fose necesario dispoñemos dunha **ficha de traballo** orientadora) de carácter oral compensaráselle proporcionalmente na nota final da materia correspondente **ata un punto por avaliación**. O outro criterio que nos guía na escolma de libros é a calidade literaria dos mesmos, procurando que sexan clásicos da literatura universal, fuxindo de ensaios temáticos que afasten ao alumando do desexo e pracer da lectura; e ademais temos presente que as obras sexan doadamente localizables en calquera librería ou biblioteca do seu entorno, e claro está, de todas elas hai cando menos algún exemplar na magnífica biblioteca do centro.

O alumno/a debe informar ao profesor/a da escolla que realiza cada avaliación para poder facer o seguimento motivador da lectura e programar a exposición oral na aula.

Eric Frhom, ***O medo á liberdade***; clásico da filosofía moderna, no que describe o temor que moitas persoas teñen de asumir ese dereito e responsabilidade de tomar decisións por un mesmo, de ser autónomos e con carácter; e o risco de ser capturado por ideoloxías relixiosas, políticas ou económicas de tipo fundamentalistas se non exerces esa responsabilidade individual. Bo libro par fortalecer a personalidade, especialmente axeitado para adolescentes.

Miguel Delibes, ***El disputado voto del señor Cayo***. A resistencia do antigo saber rural , sosegada e retranqueira fronte as presas, a superficialidade e o interese dos novos “urbanitas” que queren impoñer un estilo de vida uniforme, sen matices. De contido político no contexto da transición española, pero moito máis. Entrañable.

Tuiavii de Tiavea, o xefe samoano que nos anos 20 do século pasado visitou algúns países europeos por primeira vez, quedou pampo do que vía e de como se comportaban os occidentais, aos que chama “papalagis”.Curioso relato no que agora os “outros”

somos nós, como se nos observara un antropólogo que fai “traballo de campo” na nosa civilización. O libro titulase ***Os papalagi*** e ten un punto irónico.

William Golding, escribiu o clásico ***O señor das moscas***, sobre as adversidades e conflitos do poder e a organización social representados metaforicamente nun feixe de adolescentes náufragos nunha illa apartada da civilización. Que suxerinte segue sendo esta novela para analizar hipotéticas relacións persoais ante a falta de leis e regras sociais.

Novamente o mestre J. Saramago ca recente novela ***A caverna***, un título platónico sen disfrazo; sendo agora esta caverna non un lúgubre sitio senón o rechamante e fosforescente centro comercial sen fiestras. A cultura tradicional, familiar e artesanal, engulida pola tecnoloxía ao servizo do mercado. Que ollo máis incisivo e humano ten o escritor portugués.

Outro clásico universal é ***As viaxes de Gulliver*** de Joanathan Swift, da que podemos facer interpretacións políticas deses estraños reinos aos que o levan o azar, ademais de reflexionar sobre costumes e culturas tan diferentes, inda que distorsionadas e ridiculizadas. A tradución editada en galego é do noso es-compañeiro Manolo Sendón.

Tamén incluimos no listado a famosa aventura de ***Robinson Crusoe*** do Daniel Defoe, no que a fortaleza psicolóxica do protagonista se pon a proba xunto ca resistencia física. Exemplo ficticio de como a soidade pode arruinar á persoa e como nos medramos ante as adversidades. Atopar a Venres foi o mellor que lle puido pasar, inda que o trata cunha mentalidade colonialista. A liberdade non serve de nada se non se comparte. Moitos temas para a reflexión filosófica.

“O saber sí é comunicable pero a sabiduría non” di o protagonista de ***Siddhartha***, o relato de Herman Hesse, que tamén resulta moi apropiada para estas idades. Noutra pasaxe contrapón o amor ao mundo fronte á explicación do mundo que fan os filósofos; isto si que é fondura filosófica. Moi orientalista e unha fascinante viaxe literaria e interior de maduración.

Do antropólogo norteamericano Marvin Harris, ameno divulgador desta disciplina incluimos ***Bueno para comer***, que recolle tradicións, prácticas e rituais que xiran ao redor

da comida en diversas culturas, con algunhas curiosidades que nos sorprenden e anécdotas inesquecibles nas costumes gastronómicas do mundo. Non apto para escrupulosos ou finos de padal. O outro xa é todo un referente da antropoloxía cultural moderna, **Vacas, cerdos, guerras y brujas**, no que dun xeito claro e entretido desenmascara algúns enigmas culturais e tópicos asentados no saber popular sobre certos ritos nacionais ou relixiosos como a suposta condición de “sagradas” das vacas na India, entre outros. Moi recomendable para aqueles que non se conforman cas crenzas mais bobas e superficiais sobre os estereotipos culturais.

Sería imperdoable que neste listado faltasen os dous libros bandeira deste departamento desde fai unhas décadas: as **Ética para Amador** e **Política para Amador** ámbolos de Fernando Savater. Escritos e pensados para lectores dunha idade concreta, afronta os sobados temas desas disciplinas dun xeito desenfadado, próximo e cheos de exemplos que ilustran moi ben as cuestións máis teóricas. Moi bo escritor, solto e con variados recursos e migas de lucidez que facilitan moito a divulgación de temas que de primeiras fanlle torcer o morro ás mozas e mozos cando se tratan na aula. Escribiu outros libros nesa liña e segue a actualidade moi atento.

Outro do que recomendamos máis dunha obra é o grande escritor italiano Italo Calvino: **O varón rampante** e **O vizconde demediado**; as dúas pura fantasía sensorial e ilóxica, con extravagantes protagonistas que reaccionan desmesuradamente ante a disciplina, o tedio, as obrigas, o poder, a soidade, as convencións humanas máis absurdas....E tamén podemos albiscar un optimismo e unha ledicia do vivir que son de agradecer, así como valores tan de actualidade como o ecoloxismo, a non violencia, a paz, a necesidade do diálogo,etc. Tamén se botan unhas risas con certas situacións que se producen no remexido literario.

Un libro moi interesante e actual é o de Josep Martí, **La cultura del cuerpo**, no que recolle moitas curiosidades culturais de diferentes pobos sobre o uso e abuso do noso corpo, ben por cuestións netamente estéticas ou relixiosas, ou tradicionais, ou como paso á madurez, ou por puro pracer. Algunhas modificacións ou amputacións son rabiosamente condenables por crueis e perigosas(como a ablación) e outras tolerables porque son libremente elixidas(como as tatuaxes e escarificacións). En todo caso plantexásenos o irremediable dilema entre etnocentrismo e relativismo cultural como posicionamento.

De H.G.Wells consideremos que a terrorífica **La isla del Dr. Moreau** e a coñecida **La guerra de los mundos**, préstanse a unha lectura e interpretación ético-filosófica. Na primeira preguntámonos sobre os límites da ciencia, ou mellor da investigación e resultados de certas ramas científicas como a xenética ou a biomedicina, de polémica actualidade e protagonismo asegurado no futuro. Entre os temas da segunda, aparte a metáfora da invasión extraterrestre que pode aludir a ameazas reais no noso contexto estratéxico-político, podemos analizar a conduta histórica das masas en desbandada, e as consecuencias do berro: "¡sálvese que poida!" ante o que nos esquecemos da solidariedade, da xustiza e de toda moralidade. Dan moito debate; e ademais as dúas teñen versión cinematográfica.

Un mundo feliz de Aldous Huxley é outro clásico que ilustra temas do noso programa, especialmente a utilización dos avances tecnolóxicos, a selección xenética, o condicionamento psicolóxico, o ilusorio confort das sociedades informatizadas, as xerarquías sociais rixidas, o consumismo, etc. En fin unha "bomba" de libro que non perde actualidade; profético e inquietante.

O extraño caso do Dr. Jekyll e Mr. Hyde, de R. L. Stevenson no podía faltar nesta escolma. O asunto do conflito psicolóxico interior, da dobre personalidade, da rixidez moral, dos riscos derivados da investigación científica novamente, da amizade,....temas universais nesta universal historia, deste universal escritor. Das que máis elixen e gustan aos alumnos/as.

Non pode faltar tampouco o **Frankenstein** de M. Shelley, que non é o mesmo nas distintas versións cinematográficas que no relato, cheo de matices e disertacións do doutor sobre o proxecto que pretende e o resultado do experimento. Apaixonante imaxinación da autora, e lúcida anticipación dos riscos dunha investigación científica egoísta e sen supervisión ningunha.

O xornalista catalán David Duster, acaba de publicar un contundente libro sobre as novas prácticas económicas e laborais das multinacionais capitalistas en tempos da globalización: **Esclavos modernos**, un revelador título que denuncia as modernas explotacións económicas, a inxustiza dun sistema de produción que se ceba nos sectores sociais máis indefensos dos países do terceiro mundo: os nenos e as mulleres. Non deixa indiferente.

Do escritor inglés George Orwell, propoñemos as súas visións futuristas e metafóricas das sociedades humanas, que naqueles tempos de posguerra europea non se presentaban moi optimistas. Son sátiras críticas sobre a política e a ciencia ao seu servizo, que amosasn inquietude, e hoxe inda se poden entender con certa complicidade (o autor foi o creador da figura do “Gran Irmán”): son **A rebelión na granxa** e **1984**.

Un divulgador e estudoso dos aspectos naturais e instintivos do ser humano máis lido e citado é Desmond Morris; e a súa obra **O mono nú**, está considerada unha das grandes investigacións do século pasado. Cada capítulo é unha novidade sorprendente chea de curiosidades sobre esa familia de monos que “baixou” das ramas e agora ten elevados modais, pero ao que inda se lle aprecian maneiras primitivas. Unha lectura que axuda a coñecernos mellor. Como tamén os outros dous posteriores que seguen nesa liña de axustar contas ca nos parte máis física ou corporal, onde se agochan anos de represión, domesticación e sometemento aos patróns culturais. Os títulos son moi elocuentes: **La mujer desnuda** e **El hombre desnudo**.

E se queremos entrar no apaixoante ambiente dos primeiros homínidos en clave literaria, teríamos que achegarnos á magnífica colección que J.M. Anuel foi creando en varios tomos, dos que nós recomendamos o primeiro, **O clan do oso cavernario**, fantástica recreación do entorno dos homínidos no paleolítico, con moita aventura, intriga, desafío, e sentimento; co engadido aliciente de que a protagonista é unha moza de outra subespecie.

Para quen teña interese nas cousas xurídicas, especialmente nos temas que incumben aos delitos de adolescentes ou menores, e como os afrontan as institucións xurídicas e os seus responsables, tedes que consultar este estupendo e revelador libro do Xuíz de menores mais famoso do Estado español, **Mis sentencias ejemplares**, de Emilio Calatayud, cuxa fama veu dada polas orixinais penas e sancións que impuxo a algúns menores condenados. Pero o libro é algo mais que unha ristra de casos anecdóticos, tamén é unha valiosa introdución sociolóxica e real ao mundo da delincuencia xuvenil e os medios para corríxila e a integración social correspondente. Nas aulas, e con lecturas deste tipo, tamén podemos contribuír a diminuír a delincuencia. Os libros como terapia.

Se queredes coñecer o horror dos campos de concentración nazis durante ese terrible período da segunda guerra mundial, aconsellámosvos o relato en primeira persoa do xudeu italiano sobrevivente ao holocausto, Primo Levi, **Se isto é un home**. Non vos

deixará indiferentes; ademais engade un interesante apéndice de cuestións sobre ese triste acontecemento destinado aos lectores máis xoves, que redactou anos despois da publicación da obra. Cunha temática parecida pero en formato cómic propoñemos tamén o clásico e premiado **Maus** de Art Spiegelman, que é moi denso, didáctico e persoal. A crueldade do nazismo (e cómplices) desde a óptica do fillo dun sobrevivinte dese inferno.

O papel primordial da filosofía na vida no día a día, é dicir, o papel da filosofía coma maestra de vida é un tema que aborda o libro **La Sabiduría Recobrada** da autora Mónica Cavallé que reivindica o valor da filosofía como terapia, valor esquecido ó reducir a filosofía a un mero exercicio intelectual.

A todas /os que teñades conciencia ético-ecolóxica e vos gusten os animais ceibes e no seu propio entorno, non deberíades de perdervos a lectura de **Los derechos de los animales** de Jesús Mosterín, este filósofo fai unha breve pero intensa reflexión sobre o trato que os humanos facemos dos animais, que se traduce case sempre en abuso do seu ser como seres sensibles con capacidade para sufrir.

Compostela a 16 de setembro de 2020

Departamento de Filosofía

IES Antón Fraguas